

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 9:30 horas do día 21 de Xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Carolina Rosende Bautista

Secretaría: Raquel Veiga Seijo

Vogal 1º: Pedro Gil Manso

Repr. persoas traballadoras: Carmen de Labra Pinedo

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Criterios específicos

A comisión **EXPON**: A especialidade de coñecemento da praza: Podoloxía está condicionada polo feito de que o Grao en Podoloxía é un título profesionalizante regulado pola **Ley 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias**, e pola **Orden CIN/728/2009 de 18 de marzo**, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Podólogo/a. Polo tanto, os docentes da especialidade de coñecemento de Podoloxía deben ter competencias profesionais Podólogos/as.

A Comisión **ACORDA** que:



Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

1.- Tras a valoración dos méritos dos/as candidatos/as, só se propoñerán candidatos/as para a provisión da praza 26/1005 que estean en posesión do título de diplomado/a ou graduado/a en Podoloxía e que polo menos un 50% dos méritos que presenten sexan da especialidade de coñecemento da praza (Podoloxía) nos bloques do ANEXO I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024).

2.- Empregará o baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

1. Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos

Valorarase o expediente académico segundo a nota media calculada sobre 10. No caso de posuír unha licenciatura ou titulación equivalente, a nota media suporá o 100 % da puntuación nesta sección. No caso de posuír unha titulación de grao ou unha

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

diplomatura, a nota media computará un 80 % da cualificación global e a de mestrado un 20 %.

A nota media multiplicarase por 5.

Nota: no caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 na certificación académica, haberá que achegar tamén a declaración da nota media no formulario normalizado. De non facelo, considerarase que a cualificación obtida na titulación é de 5 puntos.

2. Tese de doutoramento. Puntuación máxima: 30 puntos

A puntuación outorgarase segundo a cualificación obtida: sobresaliente cum laude ou apto cum

laude (10 puntos), sobresaliente (9 puntos), apto (8 puntos), notable (7 puntos), aprobado (5 puntos). Cando a tese de doutoramento obtivese a mención europea ou internacional sumaranse

2 puntos.

A puntuación obtida multiplicarase por 2,5.

3. Premios extraordinarios. Puntuación máxima: 10 puntos

Premios extraordinarios de grao ou de licenciatura. Premio nacional (6 puntos), 2º premio nacional (4 puntos), 3º premio nacional (2 puntos), mención do premio nacional (1 punto), premio autonómico (2 puntos), premio da universidade (1 punto). En caso de acadar varios premios só se terá en conta o de maior puntuación.

Premio extraordinario de mestrado: 1,5 puntos.

Premio extraordinario de doutoramento: 2,5 puntos.

Só se terá en conta un premio por cada nivel de estudos.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se terán en conta as titulacións non valoradas en I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado ou doutoramento): 2 puntos por cada titulación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións académicas oficiais expedidas polas autoridades competentes. No caso dos méritos alegados en I.1, achegarase a declaración de nota media xunto coa certificación académica cando nesta non figure a nota media calculada sobre 10.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

1.Docencia universitaria en titulacións oficiais. Puntuación máxima: 80 puntos

A valoración da docencia impartida realizarase segundo a dedicación a tempo total ou parcial dos contratos: tempo completo (8 puntos por ano), P6 (6 puntos por ano), P5 (5 puntos por ano), P4 (4 puntos por ano), P3 (3 punto por ano). En contratos de duración inferior a un ano, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

No caso de contratos predoutorais e posdoutorais, a valoración será por hora de docencia: 0,03 puntos por hora impartida. O número de horas valoradas non poderá ser superior ao máximo de horas de docencia recollidas nas convocatorias dos contratos.

Docencia impartida en centros privados ou adscritos: 50 % das puntuacións anteriores.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: folla de servizos ou contrato de traballo, e certificación de docencia asinada pola autoridade competente

2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Dentro de cada categoría avaliarase máis de un mérito, excepto no caso da avaliación do programa Docentia, cun máximo de cinco méritos.

a) A última avaliación recibida no programa Docentia (valoración excelente: 4 puntos; valoración notable: 3 puntos; valoración suficiente: 2 puntos)

b) Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro.

Por cada manual docente con ISBN: até 2 puntos.

Material dixital sometido a OCW ou similar: até 0,5 puntos.

c) Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Pertenza a grupo de innovación docente 1 punto por curso académico. Ata un máximo de 4 puntos.

Participación en proxectos docentes 1 punto por cada curso académico no que se participe en el proxecto de innovación docente. Ata un máximo de 4 puntos.

d) Estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Outorgaranse 0,2 puntos por cada mes acreditado en estadías docentes, en caso de estadías inferiores a 1 mes puntuarase a parte proporcional.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

e) Mobilidade docente STA o similares (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado)

Outorgaranse 0,4 puntos por cada mes acreditado en estadías por mobilidade STA ou similares en caso de estadías inferiores a 1 mes puntuarase a parte proporcional.

f) Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado): Outorgaranse 0,5 puntos por cada mérito acadado e acreditado pola entidade correspondente.

g) Artigos de docencia publicados en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada

mérito alegado): Outorgaranse 0,5 puntos por cada artigo de docencia publicado en revistas académicas nacionais, 1 punto por cada artigo de docencia publicado en revistas académicas internacionais.

h) Comunicacóns en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito

alegado):

A puntuación outorgada será: comunicación en formato póster 0.10 puntos, en formato comunicación oral 0.25 puntos, en formato ponencia por invitación: 0,5 puntos.

Si o evento onde se comunica e de ámbito nacional multiplicarase a puntuación por 0,5, se e de ámbito internacional multiplicarase por 1 punto.

Se a comunicación resultou premiada multiplicarase por 2.

i) Formación docente impartida (1 punto por cada bloque completo de 50 horas)

En caso de presentar méritos de menos de 50 horas outorgarase a puntuación proporcional.

j) Formación docente o de especialización recibida (1 punto por cada bloque completo de

100 horas).



Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

En caso de presentar méritos de menos de 100 horas outorgarase a puntuación proporcional.

k) Coñecemento da lingua inglesa (nivel C2: 4 puntos; nivel C1: 3 puntos; nivel B2: 2 puntos; nivel B1: 1 punto).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas),

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA Online catalogue (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT. A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos.

Nas publicacións científicas poderase aplicarse un coeficiente multiplicador de entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores e a posición do/a autor/a na publicación e e, no caso das revistas, a súa posición nas bases de datos.

Esta Comisión acorda aplicar os seguintes coeficientes multiplicadores en función do cuartil da revista na que estea publicado o artigo: Q1=1, Q2= 0.75, Q3= 0.5 Ou Q4= 0.25

Os libros e capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

As publicacións en actas de congresos só poderán ser valoradas nesta sección para o ámbito de coñecemento das enxeñarías cando se trate de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia. Cada unha destas contribucións poderase valorar cun máximo de 2,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: no caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/ou ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libro, a copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais.

2 .Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Só se valorarán un máximo de 10 contribucións, co límite dunha comunicación por congreso.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

Só se terán en conta os traballos presentados en reunións científicas organizadas por asociacións científicas nacionais ou internacionais.

Cada contribución valorarase do seguinte modo:

A puntuación outorgada será: comunicación en formato póster 0.10 puntos, en formato comunicación oral 0.25 puntos, en formato ponencia por invitación: 0,5 puntos.

Si o evento onde se comunica e de ámbito nacional multiplicarase a puntuación por 0,5, se e de ámbito internacional multiplicarase por 1 punto.

Se a contribución recibiu algún premio se sumarán 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación de participación no congreso e o resumo do traballo ou a copia da publicación no volume de actas.

3.Bolsas e contratos pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Valoraranse unicamente os contratos de formación predoutoral e posdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva e outras de carácter equivalente.

A valoración será de 2,5 puntos por ano de bolsa ou de contrato. No caso de contratos inferiores a un ano de duración, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente en que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a da bolsa.

4.Estadías pre e posdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se valorarán as estadías realizadas en centros de prestixio e cando a persoa candidata tivese un vínculo contractual coa universidade ou cunha institución de

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

investigación ou cando fosen realizadas nun programa específico de financiamento da mobilidade investigadora. Para ser valorada a estadía deberá ser dun mínimo de quince días.

A valoración será de 0,25 puntos por mes (ou, de ser o caso, parte proporcional).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o permiso da institución de orixe, convite do centro de destino e certificación da realización da estadía.

5. Dirección de teses. Puntuación máxima: 5 puntos.

Só se valorarán as teses de doutoramento defendidas, con 2,5 puntos por tese.

Nas co-direccións, a puntuación dividirase entre o número de directores/as. A mención de doutoramento internacional sumará 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación expedida pola autoridade académica competente.

6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación. Puntuación máxima: 20 puntos

A participación en proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas realizadas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, e con avaliación externa [Consejo Europeo de Investigación (ERC), Axencia Estatal de Investigación (AEI), axencias autonómicas], valorarase segundo o tipo de proxecto e de participación. No caso de ser investigador/a principal (IP) a valoración será de 6 puntos por proxecto europeo; 4 puntos por proxecto estatal; 2 puntos por proxecto autonómico; 1 punto noutros casos.

No caso de ser membro do equipo de investigación ou de traballo ou contratado como investigador/a con cargo a proxecto, a puntuación será a metade.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

A participación en convenios ou contratos de investigación regulados polo artigo 83 LOU ou 60 LOSU valorarase cun máximo de 3 puntos por convenio, de acordo coas seguintes indicacións, sempre que a persoa sexa IP: financiamento ata 10 000 €, 0,2 punto por convenio; financiamento superior a 10 000 €, 0,4 puntos por cada 10 000 €. No caso de ser membro do equipo, a puntuación será a metade.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: unha certificación expedida pola autoridade académica competente en que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, o financiamento recibido e o tipo de participación da persoa candidata.

7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se poderá presentar un máximo de 5 méritos.

Valoraranse as patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvolvementos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off e outras actividades de transferencia e divulgación, incluídos, nas especialidades de coñecemento que proceda, o comisariado ou organización de exposicións, a elaboración de informes técnicos e os proxectos singulares arquitectónicos ou de enxeñaría, cunha puntuación máxima de **2 puntos por mérito**.

DOCUMENTACIÓN: as certificacións emitidas polos organismos correspondentes.

IV.EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Se valorará a actividade profesional desenvolvida como PODÓLOGO/A.

Praza número: 26/1005

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Enfermaría (Podoloxía)

Departamento: Ciencias da Saúde

A valoración será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; en el caso de dedicación a tempo parcial ou períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

Valorarase a experiencia como titor/a no ámbito profesional de prácticas externas en Podoloxía cun 0,25 puntos por cada 100 horas. La valoración máxima por este concepto será de 10 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas. Para as prácticas externas, a certificación expedida pola universidade.

Ferrol, 21 de xullo de 2026 .

A presidencia,

Carolina Rosende Bautista

A secretaría,

Raquel Veiga Seijo